

## PEZA DO MES

maio

2003



## ICONO

SÉCULO XIX  
PRATA REPUXADA E ÓLEO SOBRE TABOA  
23 x 16 cm  
LEGADO PARADA CARBALLO, 1972  
Nº Inv: 4.259

OS ICONOS SON REPRESENTACIÓNS SACRAS COA IMAXE DA VIRXE, XESUCRISTO OU DE CALQUER SANTO OU PERSONAXE CELESTIAL QUE SE VENERAN DESDE TEMPOS REMOTOS, COMO OBXECTO DE CULTO, NA RELIXIÓN CRISTIÁ PRIMITIVA E LOGO DESPOIS DA ESCISIÓ, ESPECIALMENTE NA IGREXA ORTODOXA EN GRECIA, RUSIA E NOS PAÍSES DO LESTE DE EUROPA



ICONOSTASIO DA CATEDRAL DA TRINIDADE. ZAGORSK.

## ICONO

O maior esplendor da súa fabricación está ligado a arte bizantina, comezando unha produción masiva nos séculos VI e VII ata que a súa divulgación dexenerou nun movemento iconoclasta que dura casi cento vinte anos, chegando o seu punto álxido cando o emperador de Bizancio, León III, ordeou no 726 que desaparecesen tódalas imaxes das igrexas. No 843 a emperatriz Teodora volve autorizar a veneración das figuras sagradas, perdurando ata nosos días o entusiasmo e fervor polas mesmas. Rusia, cristianizada por Bizancio no ano 988, adoptará o icono coma arte relixiosa, converténdose nun dos centros máis importantes. As principais vías de transmisión e coñecemento desta corrente estilística foron por unha parte os encargos que as cortes europeas facían ós artistas e obradoiros bizantinos e que servían de modelos as artes locais; e doutra a difusión do coñecemento e da doutrina realizadas polos mosteiros

A penetración da arte bizantina en Europa realízase por dúas rotas xeográficas diferencia-

das: primeiro a través de Rusia cara a Europa eslava e despois a través de Rávena (Italia) cara a Europa latina.

Os iconos, enraizados na espiritualidade popular, deben ser estudados non só desde unha perspectiva artística senón tamén desde un punto de vista espiritual e de culto. Pintar un icono non era un simple proceso creativo, antes o pintor tiña que ser bendecido para comezalo seu traballo, facía xaxún (non menos de 40 días) e rezaba longamente. Fregaba a casa e púñase roupa limpa. Se a obra se facía nun obradoiro monacal, tódala comunidade de monxes participaba na oración. Hai escritos razo-

dos de cómo se deben venerar os iconos, o contido litúrxico das imaxes, referencias ós textos bíblicos e o tipo de home que debía pintalos.

O propio pintor escolle unha táboa de madeira nobre (ciprés, aciñeira, castaño...) que sexa lisa e sen nós; prepárase a superficie da madeira de modo que se poda encolar nela unha tea fina. Cunha solución de po especial faise un fondo duro e estable que se pule perfectamente ata formar unha superficie compacta. Márcanse entón os rasgos esenciais do icono e colócanse follas de ouro en tódala superficie quedando esta dourada, reserváse para o momento posterior a execución dos rasgos do vestido, cara e máns. Pouco a pouco vanse sacando os rasgos da imaxe, usando cores naturais mixturadas con clara de ovo ou bén pintura ó temple. Unha vez terminado o proceso dáselle unha man de aceite de liño e resinas para formar unha capa protectora que conserve as cores.

Con frecuencia recúbrense os iconos con metais preciosos como ouro, prata, esmaltes, etc, este revestimento denominado *Ryza* ou *Basma*, traballado en repuxado ou con incrusta-





DETALLE COA INSCRIPCIÓN DE CARACTERES GREGOS.

cións de nielos, enmarcaba o icono deixando a imaxe ó descuberto e as veces só as máns e o rostro. Nas representacións aparecen as iniciais JC (Xesús), XC (Cristo), ou os nomes dos santos representados.

Utilizan como recursos plásticos o hieratismo na expresión dos personaxes, o rechazo a plasticidade dos corpos e do movemento e mailo espacio abstracto. As veces traballaban diferentes artistas no icono, algúns realizaban o accesorio -árbores, montañas, roupa- e posteriormente un só facía o rostro. Unha vez rematado este recibe a bendición da igrexa.

Todo o templo oriental clásico está decorado con estas imaxes, que se soen colocar no *Iconostasio*, construción arquitectónica en madeira que separa e divide a nave do templo -destinado a comunidade- do espacio que rodea o altar aberto, ónde só se coloca o clero. Foron utilizados tamén nas procesións solemnes, algúns deles bifaces, representando xeralmente a Cristo, a Virxe có Neno e a Crucifixión. Obxecto votivo por excelencia, o icono era a donación máis asequible que o cristián podía ofrecer á igrexa. Así mesmo pertencen ó ámbito privado, estando presentes en pequenos santuarios domésticos, sendo un dos regalos nos bautizos e bodas e tamén eran levados nas viaxes polas súas cualidades apotropaicas e curativas.

Ademáis dos iconos de Cristo, da Virxe madre de Dios, e dos Evanxelistas había iconos de santos. Entre un extenso panteón, elixíase espontaneamente ós máis populares e familiares: Xurxo, Nicolás, Elías, Elena. Os iconos

sobre a vida dos santos (*jitié*) fixéronse có tempo cada vez máis numerosos, converténdose en auténticas biografías ilustradas.

O icono estudado representa posiblemente a San Eleuterio, nado en Épiro e que foi Papa entre o 175 e 189 d. C. Ten un revestimento luxoso en prata gravada e repuxada que se estende por tódala superficie a excepción do rostro. Representado en avultado relevo, cun libro na man e en actitude de

bendicir, xesto cargado de simboloxía, xa que os tres dedos abertos (índice, corazón e maimiño) queren recordar a Trindade e que Cristo é unha das tres persoas divinas, os dedos restantes repregados (polgar e anular), recordan que en Cristo subsisten dúas naturezas: a humana e a divina. A cabeza de inspiración románica execútase ó oleo sobre táboa, proporcionando un gran efecto. Veste alba e capa pluvial con estola, prodigándose nestas os detalles ornamentais.

A figura desenvólvese sobre un fondo compartimentado, a través dunha moldura, en dúas zonas de diferente decoración, quedando enmarcada por baquetóns e róleos nos ángulos. Franquea a aureola do santo unha inscrición en caracteres gregos, onde figura o nome do mesmo. Execución coidada e cargada de detalles, impóndose o decorativo nun traballo onde o labor de orfebrería supera o da pintura.

O icono, na súa representación formal e iconográfica, influe tanto na arte aúlica coma na arte sacra na península ibérica, apreciándose claramente esta influencia nas miniaturas mozárabes (s.X) que se producían nos scriptoria monásticos. Tamén no románico peninsular: na pintura mural, na pintura sobre táboa -principalmente nos frontais de altar,- nas miniaturas dos manuscritos, nas vidrieras e en xeral nas artes litúrxicas de obxectos como son os tronos episcopais, marfís, tecidos, arcas e altares portátiles, cofres, etc.





## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo/index.htm>

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-465-2003



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



Camiño do  
XACOBEO  
2004



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

